

d) Data de apertura: a apertura pública das ofertas (sobre B) levarase a cabo o décimo (10º) día natural seguinte ao do remate do prazo de presentación de ofertas. No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo, a apertura realizarase o primeiro día hábil seguinte.

No acto público de apertura do sobre B, a mesa fixará e dará publicidade á data, lugar e hora en que se procederá á apertura do sobre C.

e) Hora: 9.00 horas.

Se por algún motivo houberse que modificar a data de realización do acto público de apertura das proposicións reflectirase a nova data no perfil de contratante: (<http://www.contratosdegalicia.es>).

9. Outras informacións: a mesa de contratación, en cumprimento do disposto na cláusula 3.6.1º b) do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, comprobará en acto previo a documentación do sobre A e publicará no perfil de contratante e no taboleiro de anuncios dos servizos centrais de Portos de Galicia o resultado da apertura, para que se emenden, se fose o caso, e dentro do prazo que se indique, os defectos materiais observados na dita documentación.

10. Gastos dos anuncios: os gastos que deriven da publicación deste anuncio serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2009.

Jacinto Parga Fernández  
Presidente de Portos de Galicia

*Resolución do 16 de abril de 2009 pola que se modifica a Resolución do 11 de marzo de 2009 pola que se anuncia a apertura dunha convocatoria pública para presentar a solicitude de instalación de terrazas de hostalaría nos portos da Comunidade Autónoma de Galicia (provincia de Pontevedra).*

Advertido un erro na Resolución do 11 de marzo de 2009, publicada no DOG nº 69, do 13 de abril de 2009, cómpre realizar a seguinte modificación:

Na páxina 7.157, onde di: «polo período de quince (15) días contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*», debe dicir: «ata o un de xuño de 2009».

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2009.

Jacinto Parga Fernández  
Presidente

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 13 de marzo de 2009, da Xerencia de Atención Primaria da Coruña, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e ordinario, da subministración sucesiva de tiras reactivas para os centros dependentes desta xerencia MS-XPC1-09-041.*

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Xerencia de Atención Primaria da Coruña.

b) Dependencia que tramita o expediente: Departamento de Contratación Administrativa.

c) Número de expediente: MS-XPC1-09-041.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: subministración sucesiva de tiras reactivas.

b) División por lotes e número: véxanse os pregos do anexo I da folla de especificacións.

c) Lugar de entrega: véxanse os pregos.

d) Prazo de execución: vinte e catro meses desde a data do asinamento do contrato.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: véxanse os pregos.

4. Orzamento base da licitación: total 181.338,32 € sen IVE. Véxase o punto 8 da folla de especificacións.

5. Garantía provisional: non.

6. Requisitos específicos:

a) Solvencia económica e financeira: véxase o punto 16 da folla de especificacións.

b) Solvencia técnica: véxase o punto 17 da folla de especificacións.

7. Criterios de adxudicación: os establecidos no punto 6.5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Xerencia de Atención Primaria da Coruña. Departamento de Contratación Administrativa.